

Festa da D²⁰¹³ina

Días 19, 20, 21, 22, 23 e 24
Xullo en Ribeira



Festa de Interese
Turístico
Galego

CADERNO DE BITÁCORA DA LXV SINGLADURA DA FESTA DA DORNA

Actos a celebrar co gallo do LXV(sesentaesinco, a edá de jubilación antes de que chejaran estes bichicomas) aniversario da botadura da dorna "Virgen del Carmen", axeitándonos ó expresado no noso caderno de bitácora:*

VENRES 19 DE XULLO

Día adicado ao que se lle queimou a casa na Rosalía de Castro por deixar a lámpara da marihuana ensendida día e noite. Jalisia nesesita agricultores comprometidos ca demanda do mercado.

12.02 h. O FACHO DORNEIRO percorrerá as rúas da siudá a eso das dose do día para alejría de comedebaldes e jodechinchos que coma sempre nos persejirán pensando que é para ensender a fojeira de asar as sardiñas. Con saída no Chirinjito de Coroso e chejada no monumento á dorna do Parque Pedra Pateira.

Habilitaranse hospitais de campaña con oxíxeno, posters de Samantha Fox e catálojos de taladros e desbrosadoras para recuperar aos relevistas.

Orjanisa: Serráns máis marráns e Asamblea de Peñas Dorneiras* (jodechinchos: senado enjebre).

17.08 h. ENJALANAMENTO DAS FANEQUEIRAS* (jodechinchos: poner los bares bonitos. En la Puebla se hace todo el año, aquí no que es una aldea y decimos taléfano, número, toballa...).

Ide pousando as farramentas en tódalas fanequeiras autorizadas, que está a piques de chejar o insobornable jürtel-xurado. A ver que nos teñen preparado este ano os Arría o jallo e os Asedías que non Sarjo que sempre andan aos moquetes por ver quen aplica con máis maestría as técnicas de fenj sui* (jodechinchos: marotismo oriental).

*** Nota do xurado : Aconsellámoslle aos Asedías que sijan a filosofía de “Aprovechamiento del cornecho” que postulou o Maroto, que xa nos anos 60 foi quen de construír dous polideportivos, un spá e tres pistas de pádel, nun solar como o que hoxe ocupa a Caverna.



SERDECO
CONTRATAS

Orjanisan: Ratos da Illa e Muxo Beti* (jodechinchos: mujel betis).

23.03 h. JРАН JUATEQUE DORNEIRO.

Ven a jastar chancleta ao Chirinjito de Coroso e finansia os sobresoldos da cúpula da Real e Ilustre Cofradía da Dorna. Tódolos asistentes partisiparán co número da entrada no sorteo dun pony, dous capachos de lacasitos e un vale de 500.000 pesetas en roupa interior cortesía da cadena de moda íntima “Ai quién maneja mi braja” (o posto de lense-ría fina que se pon tódolos sábados diante mismoño do Liseo Marítimo, que ten un toldo negro moi chik feito con plástico de invernadero).

*** Nota da orjanisación:

“Rojamos aos que fajan botellón nos arredores, que boten os cascos nos contenedores”. (pareado extraído dun soneto de Góngora) Aos que queiran enlixar recordámoslle que hoxe reabre Tótem e que hai Sarrasquete pa a Puebla ás 6.00 h.

****Aviso para a malotada e Farruquitos do país (pacuchitos): O cochiño aparcado na casa queda moi ben, que para vir ó juateque hai un paseo moi bonito pa poñer os cuádriseps duros coma as tetas da dama de Elche. E si non queredes ir a andar pedídeslle prestado o Pony a Asnar, ou levade á muller que tamén ten cara de cabalo jopo.

SÁBADO 20 DE XULLO

Día adicado aos máis de 6 millóns de parados; os da Puebla non contan que esos son por palanquinería* (jodechinchos: alergia al trabajo, pánico laboral. En la Puebla esta afección suele venir combinada con la enfermedad del sueño hasta el mediodía y un exquisito gusto por las zapatillas de terciopelo con escudos de armas bordados).

16.01 e pico h. ide preparando o lombo e aumentando o hematocrito a base de chinfrós, juarismais e tomajauks* (jodechinchos: Veterano con Mirinda) para os XXIII XOJOS E DEPORTES POPULARES DE TERRA, no Coroso Arena Stadium (merendeiro de Coroso).

O control antidopinj situará a tasa máxima de alcohol en sancre por debaixo dos 2,5 ortejacanos (o que equivale a duas pissinas da Fieiteira de Solysombras)



Disciplinas deportivas e peñas orjadoras:

- Carreira de Mancos (Pirañas van de Cañas)
- Dominó (Pirañas van de Cañas)
- Canicas (Os Pintos Joden Quintos)
- A Raia (Os Pintos Joden Quintos)
- Tirar á Corda (Caracolas en Sirolas)
- Saltar á Corda (Caracolas en Sirolas)
- Xogos para Nenos (Mexillons máis Cabróns+Caracolas en Sirolas+Kao Bois)
- Bolos Humanos (Kao Bois)
- Xojos de Cartas (Kao Bois)
- Strip Poker (Kao Bois)
- Xojo do Limbo (Pateiros Palangreiros)
- Pulsos (Pateiros Palangreiros)
- Pulso Jitano (Comando Dorneiro)
- Carreira de Camareiros (Comando Dorneiro)
- Peletra (As Javotas van Jopas + As Sijalas do Koala)
- A Billa (Arria o Jallo)
- Que che den polo Curling (Arria o Jallo)
- Twister (Derrape Mental)
- Vale Todo (Derrape Mental)
- Tiratacos (Persebes coma Puños)
- Pano (Ratos da Illa)
- Carreiras de Fleje (Ratos da Illa)
- Martín Pescador (Ratos da Illa)
- Malote's Parti (Cajaboi Island)
- Mecajo nos Abdominales de Cristiano Ronaldo (Cajaboi Island)
- Pión (O Rapante do Mercante)
- Ovo Pico Araña (Delirios Tremens)
- Poker (Lenjuados Envriados)
- Que peixe é? (A Tuna Neira)



- Chapas (A Tuna Nejra)
- Eu que sei (Volandeiras en Salsa de Chumeira)
- Neymar dorneiro (Lenguados Envriajados)

Supervitamínate e supermineralísate no chirinjito dorneiro e colabora ca festa.

Botarán unha man levando o chirinjito Os Serrans Mais Marráns.

***Nota da orjanisación: Aconsellamos pedir ás servesas de unha en unha, as camareiras levarán escotes deses que cando se ajachan a coller aljo da nevera vésenlle hasta os calsetíns.

22.03 h. Todo quisqui a alejrarlle as orellas a jodechichos e fockinsardiñas amantes do buqué do riveiro de polvos, que andan de chiquiteo a estas horiñas por tódalas fanequeiras autorizadas no XXIV SERTAMEN ITINERANTE DE CANSION DE TASCA.

A Real e Ilustre Cofradía da Dorna subvencionará jratamente sonotones, juispers XL e prótesis auditivas a todos aqueles afectados polos recortes en sanidá pa que podan deleitarse co espetáculo sonoro (que aínda lles parecía moito jasto a estes bichicomas do jobierno). Pa lacasitos e brajas con bordados na xireta nunca faltan cartos, conaqueosbotou* (jodechinchos: perreta que los echó, me cachis, jopééé, córcholis)

Orjanisan: Tabeiróns Caralludos

00:06 h. Os finalistas irán cos seus alaridos a romperlle a cabesiña a nuestro señoriño na JRRAN FINAL DO XXIV SERTAME ITINERANTE DE CANSIÓN DE TASCA no atrio da ijlesia.

Un día destes hanos de botar unha basenilla de mexo selestial por riba de nós en plan diluvio dorado, xa veredes.

Amenisará a noite polas rúas da novena a Charanja Compostela (son de Bretal pero como lle quedaba un pouco hipster o nome desidiron poñerlle Compostela que é mainstream e disque dá máis caché)

Colaboran no chirinjito: Caracolas en sirolas

DOMINCO 21 DE XULLO

Día adicado aos polbeiros que foron defender os nosos polvos a Santiago e masáronos coma cans.

***Nota da orjanisación: Señor Feijóo. No barbansa somos de polvo semanal, xustamente



PO R Q U E TEGUSTA
TENERLO TODO
A MANO

RAZÓN Nº2
TODOS LOS TRATAMIENTOS
EN LA MISMA CLÍNICA

ABIERTOS DE LUNES A SABADOS DE 9 A 21 HORAS

RIBEIRA
AV. DE LA CORUÑA, Nº 70, SANTA UXIA DE RIBEIRA
981 83 56 76



CLINICAS
VITAL DENT

Especializados en:
Es tética Dental
Cirugía e Implantes
Ortodoncia
Prótesis
Endodoncia
Periodoncia
Ultimas Tecnologías



de polvo do sábado pola noite despóis da película de "lindas" de telebarbansa. Si temos que levantar as nasas o fin de semana, ¿cando jichamos? ¿Os martes despóis de Saber y Ganar?

17:08 h. Exposición das Carrilanas partisipantes no Jran Prix de Carrilanas no paseo do malicón.

Os pilotos dorneiros deberán cubrir o sijiente test de nesesidades técnicas que a orjanisa-
sión considera indispensable antes de poñer rumbo á parrilla de saída na costa da Mamoá:

- Condóns na juantera. OK.
- Brajeta de velcro. OK.
- Ambientador de feromonas. OK.
- Sedé con música de jichar. OK.
- Calendario erótico de bolsillo antijatillaso. OK.
- Rosario antieyaculación precós con foto de Carmen de Mairena coljado no espello. OK.
- Foto dos miniños no salpicadero. OK.
- Can que move cabeza. OK.

*** Nota da orjanisación: Os que non cumplan con esta serie de requerimentos técnicos ineludibles serán descalificados de maneira fulminante e oblijados a faser de monaxillos no Nasareno da Puebla.

19.07 h. O alto da Costa da Mámoa será un ano máis o punto de partida do XXIII Jran Prix de Carrilanas. Alain Tós, Niki Aplauda, Nelson Picaños... serán aljúns dos pilotos que formarán na parrilla de saída.

O control etílico antifarruquitos e antipacuchitos farase este ano nas instalacións do Mata-deiro. Os pilotos que superen a tasa máxima permitida de alcohol en sancre (0,4 ortejacanos/ml, aprox. media dusia de chinfrós e dous tomajauks) serán sacrificados, triturados e transformados en hamburgesas e pienso para as jaliñas.

Pra evitar tocamentos lujuriosos ás asafatas que ajuatan dos parajüas, éstas irán provistas de brajas faixa de dobre casco de asero jalkanizado con xireta electricada e xustillos con cachos de botella cortantes pejados.

Orjanisan: Arría o jallo.

***AVISO MOI SERIO DA ORJANISACIÓN:**

A REAL E ILUSTRE COFRADÍA DA DORNA TEN COMO PRINSIPAL PREMISA EVITAR DESJRASIAS EN TODALAS ACTIVIDADES ORJANISADAS DURANTE A FESTA DA



Tfnos. 981 873 974 - 981 872 960
Praia de Coroso - RIVEIRA

DORNA. POR ELO ROJAMOS AOS ESPECTADORES DO JUAN PRIX DE CARRILANAS, NON INVADAN O ASFALTO DURANTE A DISPUTA DA PROBA, E FAJAN CASO EN TODO MOMENTO ÁS INDICACIÓN DADAS POLA ORGANIZACIÓN.

OS QUE NON CUMPLAN CAS NORMAS SERÁN AMETRALLADOS E OS CADAVRES SERÁN EMPREGADOS COMO PARAPETOS NAS CURVAS MÁIS PELIROSAS.

21.02 h. FESTA DESPIPORRE CON MOTIVO DO 25 ANIVERSARIO DOS RATOS DA ILLA, no callejón da súa fanequeira.

Animación para os rapases, actuacións musicais, dejustación de produtos do país e eróticos cuncunso: camisetas molladas, competición de chupar tetas con allada, bukake de ovos con pan de millo, campeonato de “liposuccións” con final felís, etesé....

Animación e xogos para nenos:

- Falsifica a firma de papá (cando empesen a chejar os suspensos xa o agradeserás)
 - Cuaderno de Rubio ca letra de Bárcenas (aprende a escribir coma o tesorero do PP)
- Música en vivo a cargo de A REBANDA (os vellos chámanlle A Rebanada, coma as do pan Bimbo).

22.01 h Antroido dorneiro nas inmediacións do palco de pedra.

Vístete de choqueiro e ven para o Malicón a ensinarnos o modelito. É coma o concurso que organizan as amas de casa no inverno pero aquí non hai necesidá de faserlle a pelota ao alcalde nin a Carrejal *(jodechinchos: Sr Burns de Riveira considerado por la revista Voje como uno de los 10 hombres más elegantes de Europa, sólo superado en España por Juan Antonio El Bolero aka “Paquita te quiero”, el chef Chicote y el cantante Tijeritas. Lleva afiliado a la seguridad social desde el siglo XII).

Amenisa: Dj Rits, o David Jetta de Frións.

Organizan: Carallos de rei* (jodechinchos: piricas de meheequivocadonovolveráocurrir)

23:30 h. Macro Karaoke na fanequeira para selebrar o X aniversario da peña "Os Pintos Joden Quintos". Ven a cantar os máis grandes hits musicais na súa pantallasa de ferrado e medio de superfisie. Éxitos como: “bicos de nai”, “de fainol cauntaun”, “jaigüei tu gel”, ou “güi güil roquiú”... entre outras que non as poño porque non sei como se escriben en inglés, conformarán o amplo repertorio de cancións.



LUNS 22 DE XULLO

Día adicado a Luís Bárcenas.

A R. e I. Cofradía da Dorna non entende os ataques contra este honrado cidadán por ter os cartos en Suisa, e quer compartir con todos a sijiente reflexión: Con cuarenta e pico millóns de euros metidos no colchón tés que durmir pejado ao techo, ¿cómo fás para apajar o despertador? Hai que pensar un pouquiño antes de criticar, que hai moito falabato.

19.03 h. ROCK&DORNA DO PAÍS. Desibelios coma pa unha boda na plasa dos jraffitis de mexo, entre o Auditorio e a fábrica de Serqueiras.

Aproveiten a mañá de descanso para desencofrar a sera das orellas e enjrasar as prótesis de cadera que volvemos a destraxar o corpo dende as 7.03 h. da tardiña ao ritmo dos sejintes jrupasos locais:

- La Yegua Gris (Ata onte chámábanse El Pony Celeste, pero como non queren que os mesclen cos peperos nas búsquedas do jujel cambiaron de nome)
- A Fume de Caroso (pidiron lacasitos no carterinj, son do PP fijo)
- The Fe Kaos (punkis de tocar a jitarra e jomitar a un tiempo)
- Sol Fa Birras (non sei que música fan pero este mes saliron no desplejable da teleindiscreta)

**** O jrupo que consija janarse o favor do público e reúna no essenario máis brajas-tiratacos (das que abrijan só á proa), será premiado cunha invitación a tocar o ano que ven no palco grande despois do exame de patróns.

Orjanisan: Marea Nejra.

Colaboran no chirinjito: Me Aplauda la Almejita

19.21h. Solás, apuntería, jarbo (o do Aloba, *atención chiste para lisensiados), habilidades en desactivación de explosivos, perisia localisando puntos jé, capasidá de camiñar sobre as ajuas, multiplicar peixes, faser que as árbores dean fruto tan só ca palabra.... e un larjo etsétera de habilidades inútiles mediranse nunha nova edición do MARATASÓN dorneiro. Faser járjaras con pintura plástica, depilar as injles cun lansallamas, poñerlle lentillas a unha denosiña, ajabear á caixa de aforros cuns socos de semento, Serán aljunhas das probas que terán que superar os partisipantes.

Orjanisan: Carallos de Rei



Menús de Empresa

Restaurante
El Gourmet Aljón

Tels. Reserva:
981 875 334
669 830 532
elgourmetaljan@gmx.es
Miguel Rodríguez Bautista, 15 bajo
15960 RIBEIRA (A Coruña)
www.elgourmetaljan.es

f



telepizza[®]

981 87 52 94

Mariño de Rivera,
esquina Miguel Rguez. Bautista
Riveira
A CORUÑA

20:34 h. Mentras os filarmónicos continúan destrajando jittarras a jolpe de uñas e as fans máis fojosas enchen o palco de juorderbrás, refaixos, prótesis mamarias, baipases, marcapasos e rinoplastias.... Jran Churrasca Dorneira in situ, e todo de moca* (jodechinchos: de clocló, sin gastar chica, gratis y sin tener que dar a cambio el placer de la prespitación).

MARTES 23 DE XULLO

Día adicado á Asosiasión Feminista de Estocolmo “Escondinabo”(calsonsillo en sueco), que consijeu cambiarlle o nome ao ultramarinos de amor de pajo Las Suecas, polo máis apropiado “Noche de Luna”. Porque eu alí sueca non vin nincunha, as veses que fun era todo churrasco* (jodechinchos: mujeres de color).

16.09 h. XXIII XOJOS E DEPORTES POPULARES DE MAR no muelle do jás (tamén conosido como Punto Limpo da ría de Arousa) Sumérjete nas cristalinas ajuas e sinte o efecto liftin exfoliante dos hidrocarburos sobre a epidermis , embadúrnate co alquitrán con betacaroteno que alimenta as células dende a raíz, hidrata dende as capas máis profundas e atenúa os cráteres que tés na cara que pareses un crocante de almendra; en poucas palabras: Date un baño que aínda que a teñas a cara coma un campo de motocross vas a salir planchado. Mick Llajer, o dos Rolin Estóns, nunca se baña e mira como está de chuchado.

Patrosina: Corporación dermoestética e a crema norueja esa que non me acordo como se chama, que no anunsio sale un tipo lijando unha jamela.... pois esa.

Xojos e peñas orjanisadoras:

Isa-la candorca - Rape´s

Lansamento de Risón - Rape´s

Pesca do muxo radiactivo - Kao Bois

Travesía a nado - Muxo Beti

Achikeitor - Cajaboi Island

Saltos dende o paredón - Kao Bois

Colle-lo parrulo - O rapante do mercante



ELECTRO-CAR
electricidad y mecánica del automóvil
Vicente González Martínez

Fafián, 30
Telf.: 981 870 261
15960 Ribeira - A Coruña



Joyería Blanco *Óptica Blanco*

RUA GALICIA, 35
TELF. 981 87 12 76
RIVEIRA - A CORUÑA

RUA GALICIA, 24
TELF. 981 87 30 56
RIVEIRA - A CORUÑA

Pau ensebado - Muxo Beti

Colabora no chirinjito dorneiro: Non Quero ir ao mar

20.01 h. JUAN PREMIO ÍCARO DE VOO SEN MOTOR no muelle grande, diante do Posto de Inspección Fronterisa (ou polo menos eso é o que pon alí no cartel). A min non me dijades que clas de fronteira inspeccionan alí, pero para min que é unha cousa inútil, coma un Senado de Guardia Civiles.

Recordamos que os pilotos participantes deberán de estar ao día no pajo dos recibos da Fé, traer escritura do nicho e fotocopia compulsada do testamento e estar en posesión do carné de donante de órganos. No caso de accidente mortal prométese funeral de estado, cincuenta salvas e bandeira americana dobladiña e planchada entrexada por oficial neiro de marina con guantes brancos, coma nas películas.

As viúvas dos pilotos caídos terán como regalo de compensación: barra libre de juarismos no tanatorio, un colchón de viscolatex e unha llojurería.

Organizan: Vikiños da Tomasa e Non Quero ir ao mar.

22.08 h. EXAME DE PATRÓNS no Malicón.

Chejou o San Martiño para os patróns das peñas noveles que terán que demostrar os seus coñecementos e habilidades mariñeiras ante o Alto e Jordo Tribunal Dorneiro.

Comer unha nécora con palillos do chino, deitarse nun colchón de erisos ou masar un polbo a puñetas, serán alxunhas das probas que deberán superar antes de poder saír a navegar.

*Nota da organización: Os sobornos en metálico (aínda que nós preferimos chamalo “compensación por adicación e entrega incondicional”) en caixa de puros e en billetes de 500 con numeración non correlativa que agora é o que se leva.

Organizan: Cajaboi Island

00.07 h. Carjaremos a trompadas aos malos espíritos ca MACROQUEIMADA DORNEIRA que nos teñen preparada os druídas de As Lampreas máis preas.

Borjita disfrasado de Sandro Rey (o Rappel moderno) fará os honores de ensendido do lume, comunicarse co máis alá e diranos o número do jordo de navidad.

*Consello da organización: Para os jodechinchos finos de Madrí que queiran mesclar a queimada con tónica aconsellamos: cuchera con sacacorchos pejado no manco (que aquí non venden esas retorsidas que usades vós), e como botánicos: ortigas, follas de repolo e picaños. Para aromatizar podédeslle botar boliñas de pimenta neira; pero si non tendes, valen tamén cajallas de cabuxa.

00:31 h. A continuación CONSIERTASO.

Date un baño de desibelios, bótate uns dansins e ven a jastar chancleta con:

THE SIBERETS (janadores do Rock&Dorna do País do ano pasado. Son finlandeses pero están empadronados en Corrubedo. Podédelos ver calquera sábado camiñando con

raquetas amarradas nos sapatos polas dunas, disque teñen morriña da neve escandinava) e FALPERRYYS (teñen nome de jinebra barata pero disque foron teloneros de Daire Estrais, Dip Parpel, Kuín, Jrin Dei.... e umundo deles máis)

MÉRCORES 24 DE XULLO

Día adicado ó Sálvora C.F. que se estirou máis ca un condón de Dinio e axudou á Cofradía a orjanisar a maratón de furgol benéfico.

12.02 h. EXPOVARADA DE EMBARCASIÓNS no paseo do malicón.

Ide acabando o colacao e o sumo, que xa están as vitaminas ajabeando polo vaso, antes de carjar ao lombo as máis de medio sentenar de naves partisipantes na XXIV REJATA DE EMBARCASIONS FEITAS Á MACHADA E PROPULSADAS A PAN DE MILLO*.

(Jodechinchos: Competición muy parecida a la Copa América. Sinceramente la única diferencia entre las dos pruebas es que allí los chicos echan la colonia de Armani y nosotros preferimos Baron Dandy que es más fresca; pero el resto todo igual)

Amenisarán o percorrido: Charanja Os Jalochos

13.11 h. Os capitáns: Manjouras, Schettino e o tandem Dorado-Feijóo, entre outros lobos de mar, darán as derradeiras instrucións ás súas tripulacións sobre a aréa da Funtao Blue Beach (Praia Fontao) antes do pistoletaso de saída da XXIV REJATA DE EMBARCASIONS FEITAS Á MACHADA E PROPULSADAS A PAN DE MILLO. JUAN PREMIO CUTRE SARK.

Orjanisan: Me aplaude la almejita.

15.01 e pico h. Hora do lonche no Merendeiro de Coroso nunha nova edición da popular ROMARÍA DORNEIRA.

Empanadas de lacasitos, churrasco de pony, sopa de letras de Bárcenas, ovos de javota do PP deconstruídos..... repoñerán as forsas de mariñeiros e jodechinchos conxregados en Coroso; e todo de clocló.

Non te olvides de supervitaminarte e mineralisarte no Chirinjito Dorneiro.

Orjanisan: Ratos da Illa

16.22 h. Toca poñer o selebro a carburar e deixar de pensar ca pirica (son dés minutos, fasede un esforso). Transfire tres monedas das túas contas en Suisa ao teu bolsillo e búscalle a astusia ao teu contrincante no CAMPIONATO MUNDIAL DE CHINCHIMONEI.

Orjanisan: Cajaboi Island

E despóis máis xojos intelectuais:

- Brilé (Sijalas do koala)
- Carreiras de Sacos (Pescadillas con Ladillas)

- Carretillas (Pescadillas con Ladillas)
- O Parvo da Silla (Pescadillas con Ladillas)

17.06 h. CONCURSO DE JÍ-JÓ.

Jónjoras e Quevedos chejados de toda Jalisia con media Tarisa de collares e jarjantillas coljadas do pescoso, batiranse en pelea de jallitos dialéctica nos aparcamentos do chirinjito de coroso.

Os que desidan vir con pantalóns-pavarotti máis a norte da talla cincuenta, indicarlles que estará permitido expoñer o canalillo de popa pero sin chejar en nincún caso a mostrar a churrería* (jodechinchos: orificio rectal, ano, tubarro, vesubio) que hai xente que aínda está co postre.

As rimas prohibidas deste ano serán:

Vaite deitar Cospedal,
tes colchón en Soto del Real.

e

Ijual que Bildu chamouse Batasuna
antes Las Suecas ahora Noche de Luna.

Orjanisan: Marea Nejra e Rape´s

19:54 h. En videoconferencia dende o aeroporto de Moscú, o ex axente da SIA Snowden desvelará a intrija que se esconde detrás do TOP SECRET.

Únete á marea dorneira polas rúas da novena.

Amenisarán o percorrido os Jai Mountain Kilombers (Kilomberos) e a charanja Os Jalochos (Os U2 das charanjas)

22:01 h. Satenta millóns de capachos de wattios de sonido, máis luses que o árbol de navidá a Frinsa e un dusia de máquinas de confeti Bij Blaster XXL (coma a dos cumpleaños dos miniños de Ana Mato) para o ROCK & DORNA cos jrupasos:

- **ASTAROT**

- **RECAMBIOS TUCHO**

25.02 h. ASALTO ÁS FANEQUEIRAS.

Equinosio en tódalas fanequeiras autorisadas onde nos esperan dusias de tomajauks, chinfrós, juarisnais e jolpeados de veterano con jasiosa de jarrafón

Nas rúas espéranos os Kilomberos de High Mountain, pra fasernos o camiño máis levadeiro, ao ritmo do MACUTUCUM CHIM PUM MACUTUCUM.

83.21 h. ARRIADA DA PAÑOLETA.

Acto solemne de desmarre do nudo da pañoleta ca música de cando morreu Chanquete de fondo e túa nai jritando: “Aiiiiiii mariasantísima del sielo que desjrasia nos asusedeu”.

95.71 h. ENTONASIÓN DO MIUDIÑO, ca sensación do traballo ben feito e en plena fase de exaltación da amistá ajarrámonos dos hombreiros e empesamos aquilo de:

“Echjije un frandar mrwiudiño, mriwudiño, muyudivhoooo..... oooooooooo keutrioooooooooo,euuuuuuu triouuuuuuuuuu”

e a durmir a embolia ata o ano que ven

ZZZZZZZZZZZZZZZZZZTZZZZSZZZZZQZZZZZZZZZZZZZZZZZZMZZZZZZZZZ

ZZZZSZZZZZZZZZZZZZZZZZZZZZZZZZZZZZZZZZZZZZZZZZZZZZZZZZZZZZZ

SÁBADO 27 DE XULLO

Día adicado ó duque em-Palma-do, que ca chuvia de cartos que manexaban como para non andar teso de alejría todo o día.

17.02 h. REJATA DE DORNAS A REMO.

Jrasias á colaboración dos Berberechos Asasinos recuperamos está tradicional competición de resistencia que senta coma unha pomada para o espiñaso.

23.03 h. BAILE DE JALA, no Sírculo Mercantil. Amenisado polo Duo La Noria, antes conosidos como PK2 (disque lle tiveron que cambiar o nome ao jrupo por culpa dos fundamentalistas católicos das comisións de festas, porque non os contrataba nin cristo). Coma sempre, impresindible rijurosa atiqueta.

Sujerencia de vestiario pra os machos:

Vólvese a levar o chaqué con parches satánicos á espalda complementado con sinturón de jranadas e puñal con brújula no manco. Camisa estampada de calaveras aberta deixando á vista a cadena de ouro con cristo ajachado entre a pelambreira.

pra as femias:

Lévase o escote barco monocasco con cañóns á proa, braja-tiratacos con fío de aseiro reforsado separador de cachas e tapaproas con entramado de infravermellos de sejuridá. Falda-Sinturón con tachuelas non máis a sur que a cabeza do fémur. Medias de tramallo con malla do sete (das que deixan colar a carioca). Nos pés sapatos de plataforma naranxa fuejo, e sombra de ollos amarillo flúor.


A Real e Ilustre Cofradía da Dorna tamén sale nos papeles de Bárcenas. Santi Páramo e Marcelo Valeiras cobraron sobresoldos, pero nós imos de cara. É máis, jastamos todo en juarismos, benjamíns e pesperretes no Relax. ¿Qué pasa? ¿Aljo que disir?

		M. Antuña	30.000,-	
		La Fiestas Casa		19,8
		R. el. Cofradía Dorna	24.000,-	
		cañón (1.ª parte YA)		3,00

Cuenta Titulo 2003 Cuenta Nº _____

FECHA	CONCEPTO	Debe	Haber
16 Ene.	11 cañón		
21 Nov.	S. d. Saucedo (obras de a. Saucedo)	100.000,-	
18 Nov.	Exten 15 ^m Juanma Rajoy		8.420,-
2 Dic.	Entrega a Javier Rajoy		198.000,-
4 Dic.	Santi Páramo y Marcelo Valeiras	60.000,-	
10 Dic.	Rubio	127.000,-	
12 Dic.	Cañón	90.000,-	

Os SMS entre Bárcenas e o presidente da Cofradía da Dorna



Como é de ben nasidos ser ajradesidos:

Concello de Riveira
Cruz Vermella do Mar
Asociación de Voluntarios de Protección Civil de Riveira
Policía Local
Policía Nacional
Cáritas Parroquial
Deputación da Coruña
Xunta de Galicia
Coca-Cola
Estrella Galicia
Sálvora C.F.
Os seguintes comercios e hosteleiros de Riveira:

Avda Malecón-Rúa de Galicia
Establecementos comerciais:
Calzados Horacio
Erase una Vez
Makao
Farmacia Sanmamed
Joyería Blanco
PAS...PAN...
Bazar de Oujo
Karamelo
Arimoca
Intel Informática
Juan Martine Blanco S.L.

Fanequeiras:
Bar Bahía
O Parque de Atras
O Franco
Bulebar
Galeón
Bar Vifer
Oliver y Stanley
Doner kebab La Estambul
Albatros
Manhatan Bridge
Tasca do Peirao
A Cuba
Jenaro

Coroso-Carolinas-García
Bayón
Establecementos comerciais:
Camping Coroso,S.L.
Gasolinera Shell
Vital Dent
Talleres Vimar
Hotel Carolinas
Ruliña
Hijos de Adelino Paz
Juan Pego
Grupo Veiramar
MRW Ribeira
Chus Abelleira
Librería el León
D'nacar
Garauto

Fanequeiras:
Restaurante O Paseo
Antoxo
Quillo
Castelao
Bar Galleguiña
Doble S
Box Bar
Bar Xiada
Josue
Bom Bom
Fontao
Bar Restaurante a Fabrica

Igrexa-Praza Vigo-Praza
Compostela:
Establecementos comerciais:
Deportes Podium Sport
Juguetería Os Nenos
Monchogar
Floristería Mandrágora
Seguros Reale Riveira
Floristería Mariló
Floristería Amigo

Fanequeiras:
Luarada
O'Tear
Ventos
Noruego
Esmorga
O Balado
El Rincón
Morrison
Penin
Bar Capri
Bar Malecón
A Caverna
Capitán Morgan
Triskel
A Taberna do Riaso
O Atallo
Abuela Gloria
Bar Plaza
Ateneo Valle-Inclan
Restaurante Xaquín
Bar do Lodeiro
Botter

Zona Centro
Establecimientos comerciais:
Veterinaria Riveira
Maype Sol
Electrodomésticos Jesús
Santiago
Doces A Maricola
Floristería Betty
Maritas
Farmacia Ruíz
Alalba
Silva
Hotel Áncora
Covering
Movil Galicia
Neoprint
Levirsa
Nattex
Corner
Servilimp Auto
Corner
Librería Nobel
Deportes Casais
Bimbi
Innove informática
Don Glotón
Ferretería Mariano
Meigallo
Electrodomésticos Sampedro
Alvaro fotógrafo
Calzados Chaira
Núa moda y complementos
Mercería Cousiñas
Dietética Diema
Arrobarbanza
Peluquería Lucía
Peluquería Yani
Rei Centolo Ribeira
Tandem Alborés
Limpiño
Sport Bike
Deportes Alia
Toy Planet
Ganes
Agasallo
Lavolimpauto
Alea Deportes
Floristería Betty
Congelados Marina
Carnicería Hermanas Pouso
Pescados Ferrolana
Pescados Maisa

Carnicería Carlos
Pescados Duran
Ramona Regueira
Ros-man Ribeira
Cosmos
Imagen Peluquería
Autoescuela Miguel
Sweet Home
Ermi Cadaval
Cristalería Otero
Perfumería Muchas
Frutería Barbanza
Lencería Vensuca
Esacios Mobiliario y Decoracion
Estilismo Lola
A Charca da Ra
Vending Barbanza
O Faiado Tenda-Galería
Farmacia Dolores Lopez Rodriguez
Fiandeira do Rueiro
Farmacia San Mamed
Librería Mira's
Mimo mi mobil
Galp Gas
Frutería o Teselán
Lesmes Fotografos
Travesuras
Xade
Nirvana Moda
Estanco de Lourdes
Play Game Center
Diema

Fanequeiras:
Telepizza Riveira
CEOS
Cafetería Flip
Restaurante Aljan
Rincon de Basela
Genn's
Zum Zum
Kukúa
Café Bar Arcos
Bar Samba
A Cabaña
Pepe's
La Brasa
Golfox
Burguer O Cubano
Jenaro

Bandourrio:
Establecimientos comerciais:
Daga Sport
Hosteel
Carnicería Marija
Madelo

Fanequeiras:
Tasca do Barbanza
20 de Abril
Vaiben
Bar 14
Cervecería de Malta
A Caseira
Cocoluche
Pub Desván
People's
Bretema
Bar Arrecife
Aloha

Touro-Ameixida:
Fanequeiras:
Recuncho da Ameixida

Palmeira
Fanequeiras:
Gastromanía-Casa de
Xantares
Manolo do Café

Aguiño
Fanequeiras:
Bar Tallante

A Fieiteira
Establecimientos comerciais:
ElectroCar

Olveira
Establecimientos comerciais:
Serdeco

O Vilar
Fanequeira
Hospedaje o Vilar

Outras Colaboracións
Juan Oujo

... e a miles de peñeiros